

# *Silleda, un alto no camiño*

INOCENTIO  
EPISCOPUS  
EVSIPPIA  
RHEBENSARCS

Inscripción en rocha na Ponte Medieval de Taboada  
Tradución: Construído no ano 912



Concello de **SILLEDA**



## Concello de Silleda

Cunha superficie de 169 km<sup>2</sup>, o municipio de Silleda, antiga xurisdición de Trasdeza, ten unha poboación próxima aos 10.000 habitantes, distribuídos en 33 parroquias e dous núcleos urbanos, A Bandeira e Silleda, que canalizan a actividade do comercio e os servizos.

A capital, en Silleda, é a sede da Central Agropecuaria e da Feira Internacional de Galicia que, nun recinto feiral dos mellores de Europa (480.000 m<sup>2</sup>), organiza mostras expositivas de gran relevo, como é o caso do Certame Semana Verde de Galicia, de recoñecida fama mundial.

## VÍA DA PRATA (ao seu paso por Silleda)



Silleda representa a penúltima etapa da famosa ruta o Camiño de Santiago. O transcurso da Vía da Prata por terras do Trasdeza sinalan o culmen dun largo percorrido marcado pola relixiosidade, o encontro coa natureza e un proceso interior de reflexión espiritual. Neste percorrido os camiñantes poderán admirar a beleza dalgúns enclaves como a Ponte Medieval de Taboada, a Igrexa Románica de Santiago de Taboada, o Pazo de Trasfontao (S.XVIII), a Carballeira de Crespo, o casco histórico de Foxo de Deza, o muíño de Covián (S.XIX) o máis grande da comarca e a Igrexa Románica de Dornelas situada a 26 Km da Porta Santa de Santiago de Compostela.



Área recreativa Taboada



Carballeira do Pazo



Igrexa de Dornelas

### SILLEDA

#### FESTAS E GASTRONOMÍA

[www.silleda.es](http://www.silleda.es)

#### FESTAS GASTRONÓMICAS

Festa da Empanada de A Bandeira (agosto)  
 Romaría da Rosquilla de Abades (abril)  
 Romaría da Tortilla de Laro (agosto)  
 Festa do Lacón de Silleda (xullo)  
 Festa da Paella de Cortegada (xullo)  
 Festa da Castaña da Breixa (outubro)  
 Festa da Carne ao Caldeiro de Piñeiro (marzo)

#### ENCONTROS

Romaría do Rapaz de Siador/Silleda (xuño)  
 Encontros de Bandas de Música  
 Encontros Corais "Tardes de Primavera"  
 Festas de Entroido

#### ROMARÍAS RELIXIOSAS

Santa Isabel de Escuadro (xullo)  
 Nosa Señora da Saleta en Siador (setembro)

### DATOS TÉCNICOS

PUNTO DE ENTRADA NO CONCELLO DE SILLEDA:  
 TABOADA KM 44

PUNTO DE SAÍDA DO CONCELLO DE SILLEDA:  
 DORNELAS

TEMPO: 3 H. APROX.

DISTANCIA A PERCORRER: 19 KM

ALBERGUE OFICIAL:  
 SANTA OLAIA (SILLEDA): TLF. 986 580 013  
 MEDELO (A BANDEIRA): TLF. 670 502 356

## SENDEIRO DO DEZA

### DATOS TÉCNICOS

PUNTO DE SAÍDA: FERVENZA DO TOXA  
PUNTO DE CHEGADA: MOSTEIRO DE CARBOEIRO

TEMPO: 2 H. APROX.

DISTANCIA A PERCORRER: 5.5 KM  
O PERCORRIDO PÓDESE REALIZAR Á INVERSA, POIS  
ATÓPASE PERFECTAMENTE SINALIZADO



Miradoiros da Fervenza



Fervenza do Toxa




Ponte do Demo



Mosteiro de Carboeiro



Fachada Mosteiro



Este circuito percorre as paraxes naturais de maior atractivo do Concello de Silleda. Partindo da Fervenza do río Toxa, a máis alta en caída libre de toda Galicia, o visitante percorrerá diversos lugares de gran beleza no que tamén poderán admirar os vestixios do pasado, como ocorre co arco romano da praia fluvial de A Carixa. Nunha senda marcada por un entorno verde e natural, o percorrido remata no emblemático Mosteiro de Carboeiro, símbolo do románico oxival de Galicia construído por discípulos do Mestre Mateo.



## SENDEIRO DA SALETA

### DATOS TÉCNICOS

PUNTO DE SAÍDA: PARQUE DAS PEDROSAS

PUNTO DE CHEGADA: SANTUARIO DA SALETA

TEMPO: 3 H. APROX.

DISTANCIA A PERCORRER:

RUTA CURTA: 5 KM

RUTA PRINCIPAL: 13 KM



O sendeiro da Saleta compoñe dun circuito circular que combina unha flora e fauna rica en especies autóctonas cun patrimonio artístico que enlaza ao longo do percorrido diversos pazos, casas grandes e capelas que constitúen unha fermosa reliquia do pasado de Trasdeza. Entre as paraxes que se poden admirar atópanse o Pazo de Trasfontao, a igrexa de Taboada, a ponte medieval e a calzada de Taboada, a sobreira centenaria (declarada Árbore Senlleira de Galicia) e o Santuario da Saleta, primeiro santuario de España.

Parque das Pedrosas



Ponte Medieval Taboada



Sobreira centenaria



Santuario da Saleta



Imaxe da Saleta



## SENDEIRO DO CASTRO DE TOIRIZ

### DATOS TÉCNICOS

PUNTO DE SAÍDA: IGREXA DE SILLEDA

PUNTO DE CHEGADA: OS CASTROS DE TOIRIZ

TEMPO: 15 MIN. APROX.

DISTANCIA A PERCORRER: DENDE A IGREXA: 400 MTS.  
PERCORRIDO CIRCULAR DO CASTRO: 600 MTS.



Vista aérea do Castro de Toiriz



Recreación do xacemento



Formación natural




Escadās na ladeira do monte



Mesas na aba do monte

No sitio denominado Os Castros existe un castro, xacemento arqueolóxico da Idade do Ferro, ao que recentemente os arqueólogos déronlle o nome de Castro de Toiriz, tomado da aldea máis próxima. O castro consta de dous recintos amurallados, un case circular situado na parte superior do outeiro (Eira dos Mouros) e outro que se desenvolve a

unha cota inferior apegado ao anterior pola parte sur e leste. Cara a parte exterior deste último recinto desenvólvese en paralelo un sistema defensivo composto de foxo e parapeto. Este castro non foi escavado, se ben polas características da súa localización e polos restos de cerámicas que se atoparon, os arqueólogos calculan que a aldea fortificada puido ser levantada contra o século IV a.C. Ademais deste valor patrimonial, Os Castros de Toiriz son punto de referencia para numerosas lendas populares que dotan a este lugar dun misticismo especial. O conxunto castrexo atópase profusamente informado con mesas explicativas despois da restauración levada a cabo co esforzo do Colectivo pola Recuperación de Os Castros de Toiriz.



## RUTA DA AUGA

### DATOS TÉCNICOS

|                        |                         |
|------------------------|-------------------------|
| PUNTO DE SAÍDA:        | LUGAR DE BUXOS (PARADA) |
| PUNTO DE CHEGADA:      | MUIÑO E FONTE DOS BUXOS |
| TEMPO:                 | 2 H. APROX.             |
| DISTANCIA A PERCORRER: | 6.7 KM                  |



Trátase dunha ruta homologada de senderismo circular, que discorre en boa parte do seu treito a carón de regueiros, presas e caneiros de importancia considerable na condución da auga e na rega das terras desta parroquia. Ao longo do seu percorrido pódense visitar 6 fontes (dos Buxos, de Redemuíños, do Rego do Foxo, do Outeiro, do Piollo e de Fraiz) e 3 lavadoiros públicos (do Barro, de Parada e do Outeiro) recentemente recuperados pola iniciativa dos veciños da parroquia. Tamén atópanse próximos 7 muiños de auga e unha alvariza, construción que constitúe a máis xenuína formación arquitectónica da apicultura tradicional.

En gran parte da ruta acompañanos a sombra de carballos, vidos, castiñeiros e piñeiros. Por estas fragas aniñan: paporrubios, pegas marzas e rabilongas, bubelas, lagarteiros, mouchos e curuxas. Na primavera podemos atopar lirios amarelos en flor ao longo do regueiro.



O Regueiro



Lavadoiro do Barro



Camiño de Redemuíños



Fonte de Rego do Foxo



Alvariza

## RUTA DO ROMÁNICO

### DATOS TÉCNICOS

TRÁTASE DUNHA RUTA CULTURAL SEN TRAZADO, POLO QUE NON PODE REALIZARSE A PÉ.  
 EN CADA PUNTO DISPÓÑENSE PANEIS INFORMATIVOS SOBRE AS CARACTERÍSTICAS  
 DE CADA MONUMENTO.



- 1. Mosteiro de Carboeiro** - Xoia arquitectónica do románico oxival galego, construído por discípulos do Mestre Mateo e símbolo románico da comarca.
- 2. Igrexa de San Martiño de Breixa** - Destaca a súa iconografía de capiteis que dan mostra do bestiario medieval do século XII, único en Galicia.
- 3. Igrexa de San Pedro de Ansemil** - Edificación protorrománica de orixe entre os séculos IX e X. Foi mosteiro habitado por unha comunidade de monxas bieitas.
- 4. Conxunto relixioso de Abades** - Conxunto emblemático formado por elementos arquitectónicos de estilo románico e neoclásico.
- 5. Igrexa de San Martiño de Dornelas** - Igrexa do románico compostelán rural do século XII que conta coa singularidade dunha ábsida semicircular.
- 6. Igrexa de San Salvador de O Castro** - Igrexa do século XII na que destacan as impresionantes metopas reproducidas en Fiestras e en Escudro.
- 7. Igrexa de San Martiño de Fiestras** - Sobresae a súa escaleira con cruceiro inspirada no barroco compostelán e as metopas da ábsida.
- 8. Igrexa de San Salvador de Escudro** - Destaca a portada do S.XII
- 9. Igrexa de Santiago de Taboada** - Exemplo do románico de transición do século XIII. A súa porta principal conta con cabezas de bóvidas e columnas de capiteis vexetais de gran interese artístico.




Canzorros de Abades



Detalle de igrexa de O Castro



Fiestra da igrexa de Fiestras



Detalle igrexa de Escudro



Tímpano de Taboada



## DATOS TÉCNICOS

A Rede Natura 2000 en Galicia está constituída por 14 Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA) e 59 espazos incluídos na proposta de Lugares de Importancia Comunitaria nos que se pretende garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestre, tendo ao mesmo tempo en conta as esixencias económicas, sociais e culturais.



Vista do Val do Toxa



Ponte Taboada



Vista dende Cira



Brañas de Xestoso



Miradoiro de San Sebastián



### 1. Sistema fluvial Ulla-Deza

A conca do sistema fluvial Ulla-Deza atesoura unha das comunidades piscícolas mellor conservadas de Galicia con boga de río, troita, anguía, lamprea, reo e o salmón atlántico. Neste mesmo entorno habitan invertebrados cada vez máis escasos en Europa como é o caso do tizón esmeralda ou o escasísimo Candil de Graslín.

### 2. Brañas de Xestoso

As Brañas de Xestoso constitúen un espazo natural cunha superficie de 1.077 ha. e cunha altitude próxima aos 700 metros, sendo o punto máis alto o Couto de San Sebastián, un paraxe no que tamén se atopa a Lagoa Sacra, de enorme riqueza en flora e fauna.

### 3. Serra do Candán

Serra de mediana altitude que conta con notables extensións de matogueira e pradeiras (con afloramentos rochosos), xunto con pequenas carballeiras de Quercus robur. Ten ademais superficies de turbeiras e torgueiras con esfagno. A altura máxima do espazo é de 1.014 metros.

## AXENDA DE SERVIZOS

### SILLEDA

**Restaurante Ricardo**  
Tlf.: 986 580 877

**Restaurante Hotel Katuska**  
Tlf.: 986 592 525

**Restaurante Hostal González**  
Tlf.: 986 580 156

**Parrillada Bon Xato**  
Tlf.: 628 410 300

**Parrillada Cotelíño**  
Tlf.: 986 580 301

**Pulpería Rubio**  
Tlf.: 986 580 386

**Comidas Maril**  
Tlf.: 986 580 955

**Comidas Hostal Pardo**  
Tlf.: 986 580 965

**Bodegón de Esther**  
Tlf.: 986 581 029

**Mesón Leixaprén**  
Tlf.: 672 278 900

**Mesón Os Toneles**  
Tlf.: 986 580 861

**Mesón Parque 32**  
Tlf.: 986 581 036

**Mesón Trujillo**  
Tlf.: 986 580 148

**Burguer/Pizzería Triana**  
Tlf.: 986 580 652

### A BANDEIRA

**Restaurante Hotel Victorino**  
Tlf.: 986 585 330

### OUTRAS PARROQUIAS

**Casa O Pino**  
Tlf.: 986 585 323

**Casa O Que dirán**  
Tlf.: 986 580 134

**Parrillada A Devesa**  
Tlf.: 986 580 776

**Parrillada Fontes**  
Tlf.: 986 585 220

**Parrillada Milenio**  
Tlf.: 986 581 535

**Parrillada O Carballo**  
Tlf.: 986 580 212

**Parrillada O Gaucho**  
Tlf.: 986 595 579

**Parrillada O Ke Faltaba**  
Tlf.: 986 585 777

**Parrillada Rabasa**  
Tlf.: 986 581 401

**Pulpería Tanis**  
Tlf.: 986 585 506

**Restaurante María Luisa**  
Tlf.: 986 585 643

### SERVIZOS DE OCIO

**Granxa Escola Fervenza do Toxa**  
Tlf.: 986 681 559

### TURISMO RURAL

**Hotel Rústico Nós**  
Tlf.: 986 581 595

**Casa Grande de Fuentemayor**  
Tlf.: 986 592 001

**Casa Cacheiro**  
Tlf.: 986 585 095

**Casa Campos**  
Tlf.: 986 580 323

**Casa da Laxe**  
Tlf.: 659 488 920

**Casa Méndez**  
Tlf.: 986 580 217

**Casa Posta da Prata**  
Tlf.: 986 580 011

**Casa Ravel**  
Tlf.: 986 581 289

**Casa A Viña**  
Tlf.: 986 578 831

### ALOXAMENTOS

**Hotel Katuska**  
Tlf.: 986 592 525

**Hotel Residencial Ramos**  
Tlf.: 986 581 212

**Hotel Victorino**  
Tlf.: 986 585 330

**Hostal González**  
Tlf.: 986 580 156

**Hostal Pardo**  
Tlf.: 986 580 965

**Fonda Maril**  
Tlf.: 986 580 955

**Casa de Hóspedes Toxa**  
Tlf.: 986 580 111

### SILLEDA

### TELÉFONOS DE INTERESE

[www.silleda.es](http://www.silleda.es)

**Albergue de Peregrinos** 670 502 356

**Albergue Santa Olaia** 986 580 013  
658 190 396

**Asociación ECOS** 628 132 479

**Biblioteca Municipal** 986 580 720

**Casa da Cultura** 986 581 028

**Casa da Xuventude** 986 580 064

**Centro C. Vista Alegre** 986 585 550

**Centro de Saúde de A Bandeira** 986 585 706

**Centro de Saúde de Silleda** 986 580 230

**CIM (Información á Muller)** 986 592 037

**Colexio María Inmaculada** 986 580 013

**Colexio Público de A Bandeira** 986 585 356

**Colexio Público de Silleda** 986 580 096

**Concello de Silleda** 986 580 000

**Correos y Telégrafos** 986 580 232

**Escola de Música Municipal** 986 592 004

**Escola Infantil** 986 581 701

**Farmacia Pin** 986 580 095

**Farmacia Silva** 986 585 337

**Farmacia Taboada** 986 581 266

**Feira Internacional de Galicia** 986 580 050

**Garda Civil** 986 580 071

**Granxa Escola Fervenza do Toxa** 986 681 559

**I.E.S. Pintor Colmeiro** 986 580 402

**Notaría de Silleda** 986 580 072

**OMIC (Información ao consumidor)** 986 580 000

**OMIX (Información xuvenil)** 986 580 064

**Parque de Bombeiros** 986 581 400

**Policía Local** 986 580 002

**Protección Civil** 660 663 145  
660 664 809

**Taxis Silleda** 986 580 172

**Xuzgado e Rexistro Civil** 986 580 019



Figura da Virxe do Leite, na Igrexa de Ansemil

[www.depo.es](http://www.depo.es)  
[www.riasbaixas.org](http://www.riasbaixas.org)



Deputación  
Pontevedra

